

Guía Didáctica

Orientacións para o profesorado



ENGLISH SPEAKING COUNTRIES

1. - INTRODUCCIÓN:

"*English Speaking Countries*" é unha recurso creado por Mónica Montero Parcerro e Juan Bautista Ramos Saíñas durante un período de licenza por estudos concedida pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia para o curso 2021-22.

Destinatarios: Este recurso pode ser empregado en calquera dos cursos de secundaria e bacharelato.

Materias, contidos e competencias básicas: abrangue contidos propios das áreas de Lingua Inglesa, Xeografía e Historia e Literatura Universal.

Esta unidade pretende contribuír á adquisición das seguintes competencias clave:

- **Comunicación Lingüística:** o conxunto das actividades interactivas e multimedia presentes neste recurso van encamiñadas a mellorar tanto a comprensión como a expresión oral en lingua inglesa
- **Competencia dixital:** a unidade preséntase en formato dixital e require do alumnado aprender a manexarse cunha certa soltura.
- **Conciencia e expresións culturais:** Fai referencia á capacidade para apreciar a importancia de coñecer outros países, as súas costumes diversas , os seus mitos e a súa cultura en xeral.
- **Aprender a Aprender:** o apartado "Help File" dentro de cada paquete, pretende que o alumnado a use como boa práctica de aprendizaxe.
- **Autonomía e iniciativa persoal:** responsabilizándose da elaboración das tarefas e proxectos propostos na unidade con confianza, creatividade e sentido crítico.

A unidade divídese en 11 paquetes de actividades sobre 11 países diferentes de fala inglesa. En tódolos casos trabállase símbolos, historia, xeografía, mitos e lendas, personaxes famosos, etc. Os países a traballar son:

- USA
- ENGLAND
- IRELAND
- SCOTLAND
- WALES.
- AUSTRALIA
- NEW ZELAND

ENGLISH SPEAKING COUNTRIES

- CANADA
- MALTA
- INDIA
- SOUTH AFRICA

Ámbito: baséase fundamentalmente no uso do ordenador cun navegador web recente como Mozilla Firefox, Chrome, Opera, Maxthon ou Safari como soporte básico de toda a unidade. Recoméndase que este recurso sexa executado dende un servidor web (aínda que non exista conexión a Internet).

Temporalización: pensada para traballar tanto na casa como na clase, pode usarse ao longo de varias sesións no curso ou como recursos independentes en datas concretas. Calquera dos seus apartados poden constituír un recurso independente e doadamente integrable na súa propia organización.

Interface: Preséntase o recurso en forma de mapa mundial. Ao pasar o rato por riba dos diferentes puntos (11) que hai no mapa, aparecerá o nome do país en cuestión, e ao facer clic ábrese nunha ventá emerxente un paquete de actividades. Fíxese na imaxe:



ENGLISH SPEAKING COUNTRIES


Ao pasar o rato por riba do punto relativo a Malta, aparece o nome e se prememos nel, teremos acceso ás actividades. No mapa aparecen 11 puntos nos países mencionados con anterioridade: USA e Canadá no continente americano; Inglaterra, Gales, Escocia, Irlanda e Malta en Europa; Sudáfrica no continente africano; India en Asia e Australia e Nova Zelandia en Oceanía.



2.-OS PAQUETES DE ACTIVIDADES:




IRELAND

English Speaking Countries



Activity 13

Drag the names of these Irish myths and drop them under the correct pictures:

 SHEERIE	 GREY MAN	 GROGOCH
 POOKA	 CHANGELINS	 CLURICHAUN

ATTEMPTS: 0/4
POINTS: 0/1

?

















Created by Mónica Montero & Bautista Ramos

Cada paquete conta cun mínimo de 15 actividades (normalmente máis) nas que se afonda en diferentes aspectos do países a tratar: datos relevantes, xeografía, historia, personaxes célebres, pratos típicos, mitos e lendas etc.

O alumnado pode en todo momento "moverse" polas distintas actividades que forman o grupo, ben a través do "índice de actividades" (números na marxe superior esquerda), ben a través das frechas de "seguinte/anterior" (na parte inferior dereita). É importante ter en conta que, en calquera momento de execución deste grupo de exercicios interactivos, podemos obter un informe de avaliación do traballo desenvolvido, "**auto avaliación**", pulsando sobre o botón gris da esquina superior esquerda.

ENGLISH SPEAKING COUNTRIES

Ao premer na auto-avaliación, podemos observar o número de intentos que realizou o alumnado, se rematou a actividade con éxito, cantos intentos precisou e os puntos obtidos. Se poñemos o cursor enriba do número aparecerá unha subtáboa, dándonos máis detalles desa actividade concreta. Pode solicitar que o alumnado faga unha captura de pantalla cos resultados e que lla envíe, ou ben pode crear o seu propio control de usuarios e usalo cos paquetes de actividades propostos. Dese xeito, sempre e cando as actividades estean aloxadas nun servidor web, vostede terá acceso en todo momento a ese informe:

Nº	Actividad	Ejecuciones	Estado	intentos:	puntos:
1	Activity 1	<u>2</u>		1	10
2	Activity 2	<u>2</u>		0	10
3	Activity 3	<u>1</u>		1	10
4	Activity 4	<u>1</u>		2	8
5	Activity 5	<u>1</u>		0	10
6	Activity 6	<u>2</u>		0	10
7	Activity 7	<u>1</u>		0	0
8	Activity 8	<u>0</u>		0	0
9	Activity 9	<u>0</u>		0	0
10	Activity 10	<u>0</u>		0	0
11	Activity 11	<u>0</u>		0	0
12	Activity 12	<u>0</u>		0	0
13	Activity 13	<u>0</u>		0	0
14	Activity 14	<u>1</u>		0	0
15	Activity 15	<u>0</u>		0	0
16	Activity 16	<u>0</u>		0	0
6 / 16					58

Ten mais información sobre como elaborar un xestor de usuarios e como usalo na páxina web de Ardora.

En cada un dos paquetes de actividades, o alumnado dispón dunha guía de axuda que proporciona información suficiente para completar as actividades propostas:

ENGLISH SPEAKING COUNTRIES

IRELAND:

1.- GEOGRAPHY

Ireland, **Eire** in Irish, is an island in Northwestern Europe in the north **Atlantic** Ocean. It is the westernmost major island of the **British isles**. It is separated from Great Britain by the **Irish** Sea and from mainland Europe by the **Celtic** Sea.

The major mountain ranges include the Blackstairs, Bluestack, Comeragh, Derryveagh, Macgillycuddy's Reeks, Nephinbeg, Ox, Silvermines, Slieve Mish, Twelve Pins, and Wicklow. The country's highest point, **Carrauntuohill**, in the far southwest, stands at 1041 m high.

The longest river in Ireland is the River **Shannon** with 360.5 km. It separates the midlands of Ireland from the west of the island. There are also a number of sizeable lakes along Ireland's rivers, of which Lough Neagh is the largest.

The western coastline includes numerous sea cliffs. The most famous, and some say the most beautiful in all of Europe, are the **Cliff of Moher**. They reach a maximum height of 213 metres.

Ireland has dozens of coastal islands, including Achill, the Aran Islands to the southwest of Galway and **Valentia** Island.



Ireland Map. Click on the image to enlarge it



Premendo no botón coa letra “N” as palabras resaltadas en negra no texto desaparecerán. Dese xeito o alumnado pode comprobar se é quen de saber as respostas. As frechas laterais posibilitan acceder á seguinte (ou á anterior) páxina de información.

30 de xuño de 2022